

ENCONTRO VIVENCIAL SOBRE MULLER E RURAL
Obradoiro de teatro comunitario para mulleres que habitan no rural e queren compartir as súas experiencias.

MEDIADORA:
Xoana Baz. Actriz, mediadora teatral e creadora de contidos e experiencias artísticas para todas as idades. Diplomada en Teatro Aplicado pola Pontificia Universidad Católica de Chile e Diplomada en Ampliación de Estudos de Xénero pola Universidade de Chile.

PROPOSTA
Invitámosvos a participar dun encontro para traballar sobre a memoria femenina, reflexionar sobre ser muller no rural, partindo do individual ó colectivo.
O obradoiro estructurase nunha soa sesión de 3horas na que a través de dinámicas do teatro documental e comunitario, faremos unha posta en común da nosa vida como mulleres no rural, as problemáticas, pero tamén con unha perspectiva de reparación, sobre novos camiños e as ferramentas para tomalos.

FUNDAMENTACIÓN E METODOLOXÍA
O teatro aplicado, como o coñecemos hoxe en día, xorde a través do traballo de teóricos e artistas entre os anos 70 e 90; isto ten que ver cun cambio de paradigma derivado da revolución do 68, os cambios da era industrial cara a unha nova era de consumo, así como coa separación do que é estado e sociedade / comunidade.
Prentki e Preston, definen o concepto de Teatro Aplicado como “un amplo tipo de prácticas teatrais e procesos creativos que levan á audiencia e aos participantes máis aló da esfera convencional do teatro”, co fin de “responder á xente común e ás súas historias, os seus lugares e prioridades…”.

Buscamos activar o pensamento crítico e a capacidade das participantes de desenvolver os seus propios interrogantes e respostas, mediante unha metodoloxía activa que lles faga participar cos 5 sentidos das actividades.

Contacto: xoanabaz@gmail.com / 622730749

OBXECTIVO PRINCIPAL:

Crear un espazo de encontro nun contexto distinto, que busca afectar directamente o sistema relacional das persoas, apuntando sempre a un desenvolvemento máis humano e cálido das relacións. Traballando con técnicas de pedagoxía teatral para reflexionar sobre o camiño persoal, a propia historia, os cambios e reparación.

OBXECTIVOS SECUNDARIOS:

- Aportar un tempo de desfrute físico e artístico donde o movemento, e as expresións corporal e artística sexan o centro das sesións.
- Facer un traballo documental sensible donde poidan expresarse sobre as súas vivencias.

Total honorarios por horas pedagóxicas e de deseño; materiais, traslados (provincia de Pontevedra) e impostos incluidos 350€

Contacto: xoanabaz@gmail.com / 622730749